



B.S.

*Agora, daremos un xiro radical ao gui3n.
En lugar de non facer nada... faremos algo!*

-Peter Sellers en *After the Fox*

Non merece a pena
sobrevivir a meus pais
para facer o mesmo ca eles

Non teño moitas esperanzas postas no futuro,

e procuro

non gardar demasiados recordos do pasado

porque o que me interesa é isto

son eu

todo o que poda traer do futuro

aquí

e

agora

Pero tamén me dá pena que ao mellor non estarei vivo cando todos falen ben de min. Cando de vivo aínda din que non é abondo e cando morra quizais fose un adiantado ao meu tempo ou unha merda así de grande tal como un piano. Cando de vivo comes unha merda e de morto cómenche todos a polla.

Necrofilia, creo que se chama.

Cando teña os petos tranquilos
e chore por estupideces
e todos rían cando me vexan pasar e nos pasemos
cando todo isto porque esta cidade
non é para min

E os que digan que ser de pobo é un estigma
e eu diga berrando enriba dun pao da luz
colgado polos pés dos cables do teléfono
berrando berrando
que a cidade non é para min
que son a hostia que son un paleta
que a cidade é unha merda
e toda esa merda
non é para min

Nacin nesta cidade

vivín aquí toda a miña vida

Virei morrer a esta cidade

na que vivín toda a miña vida

Non hai nada que facer nesta cidade

e vivín aquí toda a vida

Nunca nada que facer nesta cidade

e vivín aquí toda a vida

Seguro que veño morrer a esta cidade

porque nela vivirei sempre

Non hai nada que facer

estar sentado no sofá

mirarnos uns aos outros

mirarnos ata que morramos

Seguro que morrerei nesta puta cidade

ou igual xa estou morto

Hai keroseno nunha bolsa

algo que facer

hai keroseno na neveira

algo que facer

hai keroseno na carteira

atopa

algo que facer

hai keroseno nunha bolsa

e ela tamén é

algo que facer

e ti... (?)

Mira como me queimo

-Keroseno-

Quéimame

keroseno

Cúspeme e mírame arder

(keroseno)

Son frío ao tacto
e non te verei máis
xa teño a mirada perdida
eras o meu lugar favorito
aínda que só dixeses basura
teño a lingua seca
e a pel amarela
eras a merda que mellor cheiraba
teño o pescozo rixido
xa son frío ao tacto
eras algo
pero non vou chorar
tampouco hoxe

